

DE QUE ESTAMOS A FALAR?

Comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes escritos, impresos ou en versión electrónica

(Conclusións do Consello de 26 de novembro de 2012 sobre alfabetizacións múltiples)



BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

Alfabetización mediática e informacional nos espazos dixitais: Unha Axenda Global Colectiva

HABILIDADES QUE SE DESENVOLVEN

Pensamento crítico

Expresión en diferentes medios

Competencia lectora e no análise da información.

Responsabilidade dixital



MEDIA INFORMATION LITERACY for teachers

COMO IDENTIFICAR NOTICIAS FALSAS

- ESTUDE A FONTE**
Non se centre só na noticia e investigue o sitio web, o seu obxectivo e a información de contacto
- LEA TODO O TEXTO**
Un titular abraiante pode querer captar a súa atención. Cal é a historia completa?
- DE QUEN É A AUTORÍA?**
Faga unha procura rápida sobre a autoría. É fiable? É real?
- FONTES ADICIONAIS**
Faga clic nas ligazóns e verifique que haxa datos que avalen a información
- COMPROBE A DATA**
Publicar noticias antigas non significa que sexan relevantes para feitos actuais
- É UNHA BRINCADEIRA?**
Se for moi extravagante, pode ser unha sátira. Investigue o sitio web e a autoría
- CONSIDERE A SÚA ORIENTACIÓN**
Teña en conta que as súas crenzas poderían alterar a súa opinión
- PREGUNTE A UNHA PERSOA CON EXPERIENCIA**
Pida axuda na biblioteca ou consulte un sitio web de verificación

ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA NA AULA

- Promover a análise da información.
- Os puntos clave son: a fonte, as referencias e a redacción. (Netiqueta)
- Estimular a curiosidade para buscar e contrastar información.
- Ensinar a pensar na seguridade antes de facer click (ciberseguridade)
- Mostrar como evitar a desinformación ou sobreinformación.

HAI MOITOS XEITOS DE CELEBRAR A SEMANA MUNDIAL DA ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E INFORMACIONAL

Utiliza os medios e a tecnoloxía como vehículos para promocionar AMI a nivel mundial. Usa o hashtag #SemanaGlobalAMI e comparte as túas experiencias co mundo!

Inspírate nos MILK CLIKCS da páxina da UNESCO, crea os teus propios e difúndeos na túa comunidade educativa.

Organiza un día da Alfabetización Mediática e Informacional na túa comunidade reunindo a diversos actores comprometidos coa AMI (ONG, profesionais de AMI, medios locais, lexisladores, estudantes, docentes, etc.)

ESTE ANO PODES PARTICIPAR NO RETO PARA A SEMANA AMI NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES 2023

OLLO, PIOLLO! FAI CLIC NESTE ENLACE, TOMA A PALABRA!

#AMInabiblio #ollopiollo #bescolaresgal

